


# Programa de cartas de servicios

## Guía para a elaboración e xestión das cartas de servicios




**Plan  
avante**

Plan de Calidade no  
ámbito de xestión

# ÍNDICE

1. Introducción.....	3
2. Obxecto.....	6
3. Campo de aplicación.....	6
4. Referencias.....	6
5. Responsabilidades.....	7
6. Definicións	
6.1. Vocabulario.....	7
6.2. Tipoloxía de cartas de servizos.....	8
7. Estrutura e contido das cartas de servizos	
7.1. Contido xeral.....	10
7.2. Compromisos de calidade e indicadores.....	11
7.3. Comunicación das cartas de servizos.....	12
7.4. Medidas de subsanación e compensación polo incumprimento dos compromisos cos usuarios/as....	13
7.5. Sistemas de suxestións, queixas e comunicación co usuario/a.....	13
8. Proceso de elaboración e xestión	
8.1. Planificación.....	13
8.2. Execución.....	17
8.3. Seguimento, medición, revisión e mellora.....	18
8.4. Actualización.....	19
9. Rexistros.....	20
 Anexos	
Anexo I: Proposta de formatos.....	21
Anexo II: Deseño gráfico das cartas de servizos.....	36



# 1 Introducción

Dende hai máis dunha década, as Administracións Públicas víronse envoltas nun novo contexto en que a análise dos seus procesos e métodos organizativos, e a súa transformación e modernización toman especial protagonismo, perseguindo non só unha Administración máis eficiente, senón tamén unha Administración que asuma os principios de xestión da calidade e de orientación ao cidadán, dando resposta ás súas expectativas en relación coa xestión dos recursos e coa prestación de servizos públicos.

Por iso, ao longo dos últimos anos, e como consecuencia do cambio cultural na percepción que dos servizos públicos teñen os cidadáns, estes xa non demandan soamente máis servizos, senón que esixen unha prestación cada vez máis áxil, eficiente, segura e transparente. En resumo, demandan servizos públicos de calidade.

O actual reto da Universidade de Vigo, como institución pública, é conseguir a satisfacción das necesidades e expectativas dos usuarios e usuarias, adaptándose á nova realidade económica e social, propiciando un modelo de administración caracterizada pola transparencia e a asunción de compromisos, e facendo públicos os niveis concretos de calidade comprometidos na prestación dos seus servizos, así como avaliando o grao de cumprimento dos devanditos compromisos.

Por outra banda, non se pode obviar que a nova realidade socioeconómica está especialmente marcada polo avance e polo uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación, obrigando as organizacións públicas a reformular os seus parámetros de organización, funcionamento e boa xestión.

En liña co anteriormente exposto, a Universidade de Vigo iniciou o impulso decidido do proceso de modernización da administración universitaria mediante a elaboración e aprobación no ano 2008 do Plan operativo de xestión 2008-2012.

Dentro do eixe de modernización e calidade, desenvólvese o Plan avante –Plan de Calidade no ámbito da xestión, que ten como un dos programas principais o Programa de cartas de servizos , para desenvolver a liña de acción A1132 que especifica que no ámbito de Xestión da Universidade de Vigo se implantarán “programas e accións de mellora en cada unha das unidades, dando os apoios necesarios para a súa execución”. Entre os instrumentos nomeados están as cartas de servizos. O calendario establecido para esta liña de acción vai desde o 4º trimestre do 2008 ao 4º trimestre do 2010.

Esta liña de acción vai dirixida ao cumprimento do obxectivo 113 do POX que di: “establecer un sistema de calidade para identificar, racionalizar e controlar os diferentes procesos de xestión da Universidade”. Unha meta asociada a dito obxectivo e vinculada ao Programa de cartas de servizos é

conseguir que o 100% dos servizos da Universidade de Vigo dispoñan de carta de servizos (I1131). Non obstante, a meta principal que reflicte con máis claridade a consecución do obxectivo con este Programa é a obtención dun alto grao de satisfacción coa calidade percibida (I1135) que no POX se establece en  $\geq 4,5$  sobre 7.

A estratexia de calidade da administración e dos servizos universitarios da Universidade de Vigo sintetízase en proporcionar aos nosos usuarios, internos e externos, servizos que dean satisfacción ás súas necesidades e expectativas, deseñando, implantando e executando procesos fiables que obteñan ditos resultados, coa participación de todo o persoal.

As cartas de servizos da UVigo son unha ferramenta de comunicación dos servizos de xestión que esta presta e dos compromisos que asume na súa prestación. O programa de elaboración e xestión de cartas de servizos é unha iniciativa fundamental para a modernización da xestión da UVigo, xa que nos plans de mellora irase reflectindo e comunicando de forma sintetizada o avance do servizo ou unidade nos outros dos programas do plan avante: o nivel de optimización dos procesos de prestación e o avance do sistema de xestión da calidade do servizo ou unidade.

A UVigo utilizará por tanto as cartas de servizos como compromiso cos usuarios e clientes, mellorando a imaxe e incentivando o proceso de prestación dos servizos. Ademais da súa función de comunicación, representan unha ferramenta de xestión que mellora e facilita as relacións cos usuarios, servindo tamén para definir estándares de servizo e establecer obxectivos ambiciosos para acadar o maior impacto posible nos usuarios.

As cartas de servizos, co establecemento dun nivel axeitado de calidade dos servizos, de acordo coas expectativas dos usuarios e coas posibilidades da UVigo, permiten desenvolver un sistema de control e seguimento dos procesos que inflúe directamente na mellora da súa xestión.

Coas devanditas accións, a Xerencia da Universidade de Vigo deixa patente a súa firme aposta por implantar e asumir compromisos de eficacia, eficiencia, transparencia e participación dos usuarios e usuarias, da comunidade universitaria e da sociedade en xeral, na definición e avaliación dos servizos públicos que prestamos e, en definitiva, de promover unha administración moderna nas súas relacións cos cidadáns, potenciando o emprego de ferramentas como as cartas de servizos, sen lugar a dúbidas un excelente motor de mellora e crecemento da organización, ao posibilitar un maior achegamento aos cidadáns e a mellora na prestación dos servizos.

O desenvolvemento dun programa de implantación de cartas de servizos non é ningunha novidade. Facendo un pouco de historia, a orixe das cartas de servizos podería situarse en Gran Bretaña, no ano 1991, cando se elabora e se presenta ao Parlamento británico en xullo de 1991 a primeira carta do cidadán (Citizen's charter), sendo primeiro ministro británico John Major. Tras esa primeira experiencia, foron numerosas as iniciativas levadas a cabo polas administracións públicas europeas: Francia (1992), Bélxica (1992), Portugal (1993), Italia (1994), Dinamarca (1995), España (1999), Administración autonómica de Galicia (2008).

Dentro da Administración estatal, o Ministerio de Administracións Públicas a través do Instituto Nacional de Administración Pública, desenvolveu desde o ano 2000 a normativa e os criterios de elaboración das cartas de servizos. Actualmente é a Agencia Estatal de Evaluación de las Políticas Públicas y la Calidad de los Servicios-AEVAL ([www.aeval.es](http://www.aeval.es)) adscrito ao citado ministerio quen promove o desenvolvemento do Programa de cartas de servizos e procede a súa certificación dentro do marco normativo establecido no Real Decreto 951/2005, de 29 de xullo, polo que se establece o marco xeral para a mellora de a calidade na Administración Xeral do Estado. Desde 2006 existe unha Guía para o desenvolvemento de cartas de servizos. Na actualidade, existen cartas de servizos e cartas de servizos electrónicos dos órganos ministeriais e de moitos dos organismos e institucións que deles dependen (museos, bibliotecas, hospitais, ...).

Dentro da Administración autonómica galega, desde o ano 2006 se ven desenvolvendo a normativa e a regulación para a elaboración das cartas de servizos da administración autonómica, existindo na actualidade diferentes consellerías e institucións con cartas de servizos desenvolvidas, ademais de entidades como Fundacións e institucións educativas. O marco normativo deste programa está integrado pola Lei 4/2006, de 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, o Decreto 117/2008, de 22 de maio, polo que se regulan as cartas de servizos da Xunta de Galicia e o Observatorio da Calidade e da Administración Electrónica de Galicia e a Orde de 11 de xullo de 2008, pola que se aproba unha guía descritiva de elaboración de cartas de servizos na Xunta de Galicia e o Manual de identidade gráfica do Programa de cartas de servizos da Xunta de Galicia. A documentación deste programa pode consultarse en: <http://cpapx.xunta.es/portal/calidade/cartas.htm>

Nunha boa parte das universidades españolas existen programas institucionais de elaboración de cartas de servizos, entre os numerosos exemplos de desenvolvemento dos programas poden destacarse os das universidades Miguel Hernández, Politécnica de Valencia, Zaragoza, Cádiz, Murcia, Burgos, Cantabria, Salamanca, Sevilla, Complutense, etc. No Sistema Universitario de Galicia, destaca a Universidade de A Coruña con 10 unidades con carta de servizos (datos tomados en Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia-ACSUG en <http://acsug.es>). A Universidade de Vigo dispón de 2 unidades con carta de servizos: a Biblioteca e o Servizo de Deportes.

## 2 Obxecto

A presente guía de elaboración e xestión especifica os requisitos mínimos do contido e do proceso de elaboración, implantación, seguimento e revisión de cada unha das cartas de servizo dos servizos e unidades da UVigo (que en adiante comprenderán as unidades técnicas, as administrativas e as de xestión) participantes no Plan avante, dentro do Plan operativo de xestión 2008-2012.

A finalidade deste programa é implantar un sistema de mellora continua nos servizos e unidades de apoio, que permita a avaliación do seu rendemento e a súa calidade, cun enfoque que atenda á satisfacción dos usuarios e usuarias.

## 3 Campo de aplicación

Esta guía é de aplicación a todos os servizos e unidades de xestión e aos servizos que se prestan nos mesmos. O campo de aplicación destas cartas é, en principio, o do servizo ou unidade encargada da prestación dos servizos incluídos nas mesmas.

Non obstante, e de cara a favorecer a información proporcionada aos usuarios, tamén poderanse elaborar cartas que reúnan os servizos que prestan diferentes unidades a un perfil específico de usuario, agrupados por áreas de xestión (cartas de área).

## 4 Referencias

- Plan operativo de xestión 2008-20012 da Universidade de Vigo. Xaneiro 2009.
- **Plan avante** - Plan de Calidade no ámbito de xestión da Universidade de Vigo. Maio 2009.
- Norma UNE 93200: 2008. Cartas de servizos. Requisitos.
- Norma UNE-EN-ISO 9000: 2005. Sistemas de xestión da calidade. Fundamentos e vocabulario.
- Protocolo para a elaboración das cartas de servizos, Área de Calidade da Vicerreitoría de Novas Tecnoloxías e Calidade, febreiro 2005.

## 5 Responsabilidades

Figura 1. Matriz de responsabilidades na elaboración e xestión das cartas de servizos

ETAPA	XERENTE	EQUIPO REITORAL	VXA. DE PLANIFICACIÓN	COMITÉ TÉCNICO DE CALIDADE	EQUIPO DE TRABALLO
PLANIFICACIÓN			Facilita medios		Elabora
EXECUCIÓN	Aproba	Revisa	Difunde	Revisa	Elabora e difunde
MEDICIÓN E SEGUIMIENTO			Segue e mide		Segue e mide
REVISIÓN E ACTUALIZACIÓN	Revisa e aproba	Revisa	Revisa	Revisa	Revisa e actualiza

## 6 Definicións

| 7

### 6.1. Vocabulario

**Atributo:** característica cualitativa do servizo. Exemplos: información relacionada, prazos asociados, mecanismos de solicitude e comunicación, eficacia, trato recibido ou profesionalidade do persoal.

**Carta de servizos:** documento escrito por medio do cal os servizos ou unidades informan publicamente aos usuarios sobre os servizos que xestionan e sobre os compromisos de calidade na súa prestación e os dereitos e obrigas que lles asisten.

**Certificación:** actividade consistente na análise e na emisión dun documento que testemuña que un produto, servizo, proceso ou organización se axusta a normas técnicas determinadas. A certificación ten carácter voluntario e é realizada por organismos de certificación independentes e acreditados por un organismo nacional de acreditación.

**Cliente:** organización ou persoa que recibe un produto. Poden coloquialmente denominarse como. consumidor, usuario, minorista, beneficiario ou comprador. O cliente pode ser interno o externo á organización (UNE-EN ISO 9000:2005; 3.3.5)

**Compromiso:** obriga asumida polo servizo ou unidade e a organización na prestación dun servizo.

**Expectativas:** calidade do servizo esperada polo usuario ou usuaria de acordo coas súas necesidades, experiencias previas e desexos.

**Indicador:** datos ou conxunto de datos que axudan a medir obxectivamente a evolución dun proceso ou dunha actividade (UNE 66175:2003; 3.6).

**Medida de compensación:** acción planificada para resarcir mediante contraprestación o incumprimento dun compromiso.

**Medida de subsanación:** acción planificada para desculpar, escusar ou reparar o incumprimento dun compromiso.

**Norma UNE-EN-ISO:** é unha especificación técnica de aplicación repetitiva ou continuada de observancia non obrigatoria.

As normas españolas denomínanse UNE que significa “Una Norma Española”. Son aprobadas pola Asociación Española de Normalización (AENOR), que un organismo recoñecido nos ámbitos español e internacional, para esta actividade de normalización.

Cando unha norma ten o título de UNE-EN ou UNE-EN-ISO significa que a norma UNE adopta un documento europeo mantendo o mesmo número de serie que o documento EN ou que adopta unha norma europea idéntica a unha norma ISO mantendo o mesmo número de serie que a norma ISO, respectivamente.

**Produto:** resultado dun proceso. (UNE-EN ISO 9000:2005; 3.4.2). Cando en xestión de calidade se fala de produto se pode estar a falar de servizo.

**Queixa:** manifestación dun cliente a través de calquera medio (escrito, medio electrónico ou oral) dunha insatisfacción en relación co servizo prestado ou o produto adquirido.

**Revisión:** actividade emprendida para asegurar a conveniencia, adecuación e eficacia do tema obxecto da revisión, para alcanzar uns obxectivos establecidos (UNE-EN ISO 9000:2005; 3.8.7).

**Registro:** documento en calquera soporte que presenta resultados obtidos ou proporciona evidencia das actividades realizadas.

**Satisfacción:** percepción do cliente sobre o grao en que se teñen cumpridos os seus requisitos (UNE-EN ISO 9000:2005; 3.1.4).

**Servizo:** resultado de levar a cabo unha actividade, en xeral intanxible, por parte dun servizo ou unidade, dirixida aos usuarios e usuarias. En xestión da calidade cando se fala de produto se engloba o concepto de servizo.

**Soporte divulgativo da carta de servizos:** documento difundido por calquera medio no que recóllense, alomenos, aqueles compromisos de calidade asociados aos servizos especificados na carta de servizos.

**Suxestión:** comunicación dun cliente, parte interesada ou de persoal da organización sobre unha proposta de mellora sobre un aspecto xeral ou particular da organización

**Usuario/a:** organización ou persoa á que se presta un servizo. Un usuario pode denominarse cliente en xestión de calidade.

## 6.2. Tipoloxía de cartas de servizos

Para facilitar a incorporación paulatina dos servizos/unidades de xestión da Universidade de Vigo a este programa, establecece unha tipoloxía de cartas de servizos baseada nos seguintes criterios:

- a) O nivel de emprego ou extensión da ferramenta en cada servizo ou unidade concreta.
- b) O nivel de calidade no desenvolvemento técnico da carta de servizos.



Establécense dous niveis de extensión:

1) **Nivel B:** os servizos (tanto os dirixidos aos usuarios/cidadáns externos como os dirixidos a usuarios internos) que un servizo/unidade ten incorporados en cartas de servizos representan alomenos entre o 50% e o 75% dos servizos do catálogo de servizos dese servizo/unidade.

2) **Nivel A:** os servizos (tanto os dirixidos aos usuarios/cidadáns externos como os dirixidos a usuarios internos) que un servizo/unidade ten incorporados en cartas de servizos representan máis do 75%-100% dos servizos do catálogo de servizos dese servizo/unidade.

Segundo o nivel de calidade na que se atope a carta de servizos, esta poderá cualificarse como de:

1) **Nivel -:** conterá todos os apartados xerais que se expoñen nesta guía, e unha orientación inicial de compromisos e indicadores, segundo os datos históricos de que o servizo/unidade dispoña.

2) **Nivel +:** conterá ademais o establecemento dun sistema de indicadores e metas para os compromisos en función de medicións reais que permitiría, si fose o caso, a articulación dun plan de mellora que inclúa a optimización de compromisos, indicadores e metas.

O cadro seguinte reflicte o nivel de carta de servizos no que estará o servizo/unidade de xestión en función do nivel de calidade da carta e da extensión:

Figura 2. Tipos de Carta de servizos na xestión da UVigo.

		NIVEL DE CALIDADE (ESTABLECIMENTO DE INDICADORES EN COMPROMISOS)	
		-	+
NIVEL DE EXTENSIÓN (% DOS SERVICIOS PRESTADOS AOS QUE APLICA A CARTA)	> 75%	A	A+
	≤ 75%	B	B+

Establécense pois traxectorias de mellora na xestión das cartas de servizos. O servizo/unidade de xestión que elabore unha carta de servizos básica (tipo B) poderá mellorar na aplicación da ferramenta mediante:


- a súa extensión a outros servizos da súa carteira e/ou
- adquirindo un maior grao de compromiso e calidade na súa xestión.

A traxectoria natural para os servizos e unidades que comecen o seu traballo en xestión da calidade utilizando como ferramenta a carta de servizos debería ser:

- 1) Desenvolver unha carta de servizos básica.
- 2) Estender a ferramenta a outros servizos que presta a unidade.
- 3) Intensificar o nivel de calidade sempre ligado ao desenvolvemento do sistema de xestión de calidade no ámbito de xestión (Programa de mellora e xestión de procesos e Programa de implantación e certificación do sistema de xestión da calidade).

Na Figura 3 mostrase un gráfico desta evolución natural da mellora na xestión das cartas de servizos:

Figura 3. Traxectoria natural de mellora das cartas de servizos.



Non pode descartarse que, existindo unidades que xa dispoñan de experiencia no desenvolvemento da carta de servizos ou que xa teñan integrados os seus procesos claves no sistema de calidade de xestión da UVigo, estean en disposición de empezar en niveis mellorados de carta de servizos.

10

## 7

# Estrutura e contido das cartas de servizos

## 7.1. Contido xeral

Unha carta de servizos terá o seguinte contido:

### Información xeral do servizo ou unidade.

- Fins e obxectivos da unidade: función principais da unidade e qué se pretende alcanzar co desenvolvemento das ditas funcións.
- Datos identificativos e de contacto do servizo/unidade de xestión: dependencia orgánica e organigrama da unidade, directorio de persoas que a compoñen, direccións (postais, electrónicas e de Web), teléfonos de contacto, localización física e horarios de atención.

- c. Relación dos principais servizos prestados polo servizo/unidade de xestión.
- d. Relación, se procede, da normativa vixente (leis, normas, regulamentos tanto internos como externos) que rexen o desenvolvemento da prestación do servizo ao usuario/a.
- e. Dereitos que asisten aos usuarios/as en relación cos servizos prestados e, se procede, medidas de subsanación por inaxeitada prestación. En canto ás obrigas dos usuarios/as, estas atópanse implícitas nos requisitos que se establecen, no seu caso, nos canais de solicitude, así como na normativa que sexa de aplicación.
- f. Mecanismos de participación: as usuarias e os usuarios dos servizos poden colaborar na mellora do servizo/unidade facendo uso da caixa de suxestións, queixas e felicitacións; respondendo ás enquisas de satisfacción; participando nos equipos de mellora dos procesos e servizos do servizo/unidade e por aqueles mecanismos adicionais que o servizo/unidade estableza.
- g. Sistema de suxestións, queixas e comunicación co usuario/a e o prazo de contestación.
- h. Prazo e forma en que se farán públicos os resultados das medicións dos indicadores sobre cumprimento dos compromisos.  
Este apartado será un requisito obrigatorio para cualificar a carta de servizos como +.
- i. Data de aprobación da carta e cualificación da mesma.

#### **Información específica dos servizos prestados.**

É un requisito obrigatorio que os servizos incluídos na carta sexan alomenos o 50% do catálogo do servizo/unidade de xestión (tipo B). Se os servizos superan o 75% do catálogo do servizo/unidade de xestión a carta será cualificada como de tipo A.

- a. Descrición de cada servizo.
- b. Compromisos de calidade cualitativos ou cuantitativos na prestación dos servizos

É un requisito obrigatorio para cualificar a carta de servizos como +, a existencia dun sistema de indicadores que mida o nivel de cumprimento dos compromisos. En todo caso, deberá haber unha orientación inicial de compromisos e indicadores, segundo os datos históricos de que o servizo/unidade dispoña.

## **7.2. Compromisos de calidade e indicadores**

Tal como dispón o **Plan avante**, a Xerencia integrará nun plan anual de avaliación da satisfacción do usuario/a indicadores de calidade dos servizos/unidades, obtidos a partir dos resultados de enquisas de satisfacción que midan a:

- Satisfacción cos servizos prestados pola unidade
- Satisfacción co trato recibido polas persoas que prestaron o servizo
- Satisfacción coa adecuación dos prazos na prestación do servizo
- Satisfacción cos mecanismos de solicitude do servizo

Os resultados e a evolución destes indicadores publicaranse no apartado na web/intranet destinado a publicar información institucional sobre calidade na xestión e no apartado de cada servizo/unidade de xestión.

Os servizos/unidades de xestión poden adicionalmente establecer, para cada servizo prestado, indicadores de actividade, resultados ou outros de calidade considerados como relevantes para a avaliación do servizo. A xestión deste panel interno de indicadores competará, en principio, ao propio servizo/unidade de xestión.

### 7.3. Comunicación das cartas de servizos

Ademais das actividades de comunicación e divulgación puntuais prevista nesta guía (especificadas no plan de difusión de cada carta), a UVigo publicará as cartas de servizos en soporte papel e en formato electrónico, utilizando os seguintes formatos divulgativos:

- a) Formatos de folletos impresos tipo dípticos, trípticos, polípticos, etc.
- b) Formato electrónico para a súa publicación en páxina web no apartado na web/intranet destinado a publicar información institucional sobre calidade na xestión e no apartado de cada servizo/unidade de xestión.

O soporte papel só será utilizado na primeira edición da carta de servizos, pasando so a estar dispoñible na web/intranet coa primeira actualización. Para que non diminúa a divulgación da carta, o servizo/unidade de xestión deberá introducir progresivamente en todos os documentos e soportes de relación co usuario/a unha mensaxe do tipo:

*“A calidade é o noso compromiso. Podes consultar os nosos compromisos de calidade en [www.uvigo.es/xxxxxx](http://www.uvigo.es/xxxxxx)”*

Na edición dos folletos informativos farase un extracto da carta de servizos: fins e obxectivos, datos de contacto, relación de servizos prestados, dereitos dos usuarios, marco dos compromisos de calidade e mecanismos de colaboración coa mellora. Así mesmo deberá indicarse o enlace web para consultar a carta en formato electrónico.

Na web/intranet presentarase a información detallada de todos os elementos da carta de servizos e a posibilidade da súa descarga en diferentes formatos. A información aparecerá estruturada nos seguintes bloques:

- **Datos identificativos** do servizo/unidade responsable da carta.
- Identificación dos **servizos prestados** obxecto da carta.
- **Compromisos** asumidos na prestación destes servizos.
- **Indicadores do cumprimento dos compromisos** e os seus resultados.
- **Normativa aplicable**.
- **Dereitos do usuario/a**.
- Mecanismos de **participación do usuario/a**.
- **Sistema de suxestións, queixas e comunicación** co usuario/a.

Coidarase especialmente na presentación na web/intranet de distinguir a carta de servizos doutros apartados nos que se ofrezca outro tipo de información ou interacción co usuario na prestación concreta dos servizos que realiza o servizo/unidade de xestión.

As cartas estarán dispoñibles en lingua galega, castelá e inglesa. Garantirase o cumprimento dos requisitos de deseño e imaxe corporativa específica previstos nesta guía e nos manuais de identidade corporativa e de deseño da web/intranet da UVigo.

En todos os soportes figurará sempre a data de aprobación e a cualificación da mesma.

## 7.4. Medidas de subsanación e compensación por incumprimento dos compromisos cos usuarios/as

Os servizos/unidades poden establecer medidas de subsanación e, na medida das posibilidades, medidas de compensación, para desculpar, escusar ou reparar o incumprimento dun compromiso e, no seu caso, resarcir mediante contraprestación.

A implantación de medidas de compensación deberá adaptarse a natureza do servizo prestado e a máis habitual acostuma a ser a devolución do prezo do servizo. O seu uso será restritivo.

## 7.5. Sistema de suxestións, queixas e comunicación co usuario/a

Segundo o establecido no **Plan avante**, o sistema de suxestións, queixas e comunicación co usuario/a relativo tanto á prestación dos servizos incluídos na carta de servizo como ao incumprimento dos compromisos asociados aos mesmos será homoxéneo para toda a organización.

Será na definición do proceso e na súa documentación onde se establecerán as formas de relación co usuario, a xestión destas comunicacións e os tempos de resposta para toda a organización.

Polo tanto, este apartado levará unha redacción homoxénea en todas as cartas de servizos validada polo Comité técnico de calidade e aprobada pola Xerencia.

# 8 Proceso de elaboración e xestión

O proceso de elaboración dunha carta de servizos na Uvigo desenvólvese seguindo o ciclo de mellora continua, PDCA (Plan, Do, Check, Act / Planificar, Facer, Verificar, Actuar ) ou de Shewhart-Deming.

O proceso inclúe as fases de:

- 1) Planificación
- 2) Execución
- 3) Seguimento, medición, revisión e mellora
- 4) Actualización

O conxunto das distintas actividades que configuran estas fases pode observarse na Figura 4.

## 8.1. Planificación

A Xerencia da UVigo, estableceu no **Plan avante** o Programa de cartas de servizos onde se define o marco xeral da xestión das cartas e a programación da implantación das mesmas nos distintos servizos e unidades de xestión. Así mesmo, impulsa directamente a elaboración das cartas en cada servizo/unidade proporcionando os medios necesarios.

Na fase de planificación realízanse as seguintes actividades:

### 1) Establecemento dos equipos de traballo

A elaboración de cada carta de servizos dos servizos e unidades de xestión da UVigo realízase por un equipo de traballo de carácter, constituído por:

- Responsable do servizo/unidade de xestión que coordinará o grupo
- Persoal do servizo/unidade dos diferentes niveis e áreas funcionais (segundo o nivel de extensión da carta), a proposta do responsable do servizo/unidade.
- Persoal doutros servizos/unidades clientes internos, si se considera necesario.
- Representantes dos usuarios/as, e clientes externos/as, si se considera necesario.

Recoméndase un equipo de traballo formado entre 4 e 8 persoas. A participación de representantes de clientes internos e usuarios/as pode ter carácter puntual.

Para recoller a constitución do equipo de traballo propónse a utilización voluntaria do formato DCS-01. Para deixar rexistro das reunións do equipo pode utilizarse o formato DC02.

A Vicexerencia de Planificación asignará ao grupo un/unha facilitador/a ou adestrador/a que será unha persoa externa ao servizo/unidade, con coñecementos e formación específica, que facilitará o labor de reflexión, redacción e coordinación.

14

### 2) Disposición de medios para o grupo

A Vicexerencia de Planificación porá a disposición de cada equipo de traballo os recursos que sexan necesarios de xeito que os equipos reciban formación específica sobre cartas de servizos, adestramento e asesoramento durante o desenvolvemento dos traballos e acceso a medios materiais, documentais e tecnolóxicos que necesiten para o mellor desenvolvemento dos mesmos.

### 3) Formación específica en cartas de servizos

Os membros do equipo de traballo recibirán formación específica sobre cartas de servizos con anterioridade a que comecen os seus traballos de cara a elaborar a carta.

Esta formación está deseñada no **Plan avante** e será programada de acordo aos ciclos de entrada no Programa de cartas de servizos dos distintos servizos/unidades de xestión da UVigo.


### 4) Identificación dos servizos

A identificación e relación dos principais servizos que ofrece a organización, constitúe o punto de inicio metodolóxico para as seguintes fases que van dirixidas ao establecemento dos compromisos de calidade. Esta identificación pode realizarse a través de dous métodos:

A) En función de criterios tales como: o volume de xestión, a regularidade na súa prestación, os recursos humanos, temporais, materiais e financeiros dedicados, o seu impacto social etc.

B) Seguindo a guía de xestión e mellora de procesos do Plan avante, complementario a este programa de cartas de servizos. Neste suposto, o equipo identifica e define os procesos clave que dan soporte á prestación dos servizos da unidade/servizo, e que en parte ou na súa totalidade (segundo o nivel de extensión que finalmente se decida polo equipo), van ser obxecto da carta de servizos.

Figura 4. Proceso de elaboración e xestión das cartas de servizos na UVigo



O resultado desta actividade de identificación será:

- Un catálogo de servizos prestados no servizo/unidade.
- Unha priorización destes servizos coa decisión correspondente de incluílos ou non na carta de servizos.
- Os datos identificativos xerais
- A normativa aplicable na prestación dos servizos.

Proponse a utilización voluntaria do formato DCS-03 para rexistrar a identificación dos servizos prestados; o formato DCS-04 para recoller a priorización dos servizos identificados e o formato DCS-05 para recoller, os datos de carácter xeral e legal.

No suposto de seguir a metodoloxía da guía de xestión e mellora de procesos deberían utilizarse as fichas de proceso para recoller as características definitorias de cada proceso incluíndo os servizos prestados con eles.

### **5) Identificación das expectativas dos usuarios**

O equipo de traballo identifica os atributos relevantes para os/as usuarios/as de cada servizo. Existen múltiples métodos; entrevistas a persoas en contacto co usuario/a, enquisas de expectativas e percepcións, análise dos procedementos e instrucións de traballo, análise dos resultados dos sistemas de queixas e suxestións, informes, memorias, paneis de usuarios, grupos focais, etc.

En fases posteriores, estes atributos inicialmente definidos poden verse alterados e, polo tanto, modificados os compromisos de calidade establecidos como resultado da análise da información obtida polos diferentes mecanismos implantados para medir e recoller as expectativas dos usuarios (participación nos equipos de mellora, sistema de suxestión e queixas, enquisas de satisfacción, ...).

Proponse o rexistro das expectativas identificadas no formato DCS-06 que se poderá utilizar de xeito voluntario.

16

### **6) Comparación do nivel de prestación coas expectativas**

